



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa asistencia os membros Manuel Reyes García Hurtado, Manuel Casteleiro, Amelia Fraga, Fernando Agrasar, María José Martínez, Jorge Rodríguez Longueira e José Manuel Sobrino Heredia.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### **1. Informe do reitor**

Tras dar a benvida aos asistentes, o reitor dá conta da reunión do 7 de febreiro, que tivo lugar en Santiago, en que se constituíu o Instituto de Matemática Industrial, como froito do consorcio creado para tal efecto polas tres universidades galegas.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa de que, desde hai meses, a Consellería de Sanidade e as tres universidades galegas están a traballar xunto co Clúster de Saúde de Galicia, a Axencia Galega de Innovación e as fundacións de investigación do CHUS o CHUAC e o CHUVI para a participación nun consorcio europeo da convocatoria “*Knowledge and Innovation Communities*” do European Institute of Innovation and Technology no tema de envellecemento activo e vida saudable. Neste momento estase procedendo cara á constitución dunha asociación chamada *KICGallaecia* que permita axilizar os trámites para participar nesta convocatoria. Por outra banda, ao longo dos últimos días o MECD foi enviando requirimentos de corrección das solicitudes de verificacións dos programas de doutoramento.

O vicerreitor informa tamén da publicación, o día 21 de febreiro, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas correspondente á modalidade A das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral. Así mesmo, no BOE do día 22 de febreiro publicouse a



convocatoria do programa FEDER- INNTERCONNECTA para Galicia para o ano 2013, cun prazo de solicitudes que finaliza o vindeiro día 4 de abril.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías informa dunha corrección de erros que hai que efectuar sobre as “*Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC*”, e sobre o “*Modelo de regulamento dos TFG nos títulos de grao da UDC*”, aprobados polo Consello de Goberno con data do 22 de xullo de 2011.

De acordo co disposto no apartado 3, do artigo 12, do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e co disposto no apartado 2.9, do artigo 3, da Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, corríxense os seguintes erros:

1. Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC (Consello de Goberno do 22/07/2011)

No apartado: “Directrices que deben seguir os regulamentos elaborados polos centros”, no subapartado: “b) En relación coa natureza e características dos TFG”:

**Onde di:** “*Indicarase cales son as condicións académicas en cada grao para que o TFG poida ser defendido e avaliado, tendo en conta que como mínimo debe terse constancia fidedigna de que o estudantado superou cando menos un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade do plan de estudos*”.

**Debe dicir:** “*Indicarase cales son as condicións académicas en cada grao para que o TFG poida ser realizado na fase final do plan de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. Para a súa defensa e cualificación é necesario que o estudante supere o resto dos créditos do título*”.

2. Modelo de regulamento dos TFG nos títulos de grao da UDC (Consello de Goberno do 22/07/2011)

De maneira concordante, no apartado: “2. Natureza e características do TFG”, no subapartado 2.3.

**Onde di:** “*A UDC establece que o TFG pode ser defendido e avaliado unha vez que se tiver constancia fidedigna de que o estudantado superou*



*cando menos un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade do plan de estudos, sen prexuízo do establecido na correspondente memoria do título verificado”.*

**Debe dicir:** *“A UDC establece que o estudante pode matricularse para realizar o traballo de fin de grao (TFG) na fase final do plan de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. Para a súa defensa e cualificación é necesario que o estudante supere o resto dos créditos do título”.*

Por último, en materia de sinatura electrónica das actas, informa de que, unha vez rematado o primeiro cuadrimestre, está asinado máis do 44% das actas mediante este sistema. Hai dous centros que pasan do 70%, o cal corrobora que a implantación da sinatura electrónica non supón ningún problema tecnolóxico.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que desde o anterior Consello de Goberno, de conformidade coa Base 9ª.2 do Orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 42.010,55 € nos expedientes V-0001-13 e V-0002-13, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 21 de febreiro validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2013 por importe total de 122.973,03 € euros nos expedientes C-0001-13 e C-0002-13.

Informa ademais da publicación no DOG da data en que terá lugar o Consello de Goberno da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. No seu artigo 37, como xa aparecía no proxecto presentado ante o Parlamento, recolle unha baixada da masa salarial das universidades equivalente ao seu 5%. A solicitude das universidades do SUG de que a Xunta regulase nesta lei o xeito en que esta baixada se concreta nas retribucións do seu persoal, non foi atendida. En diferentes reunións mantidas coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, esta comprometeuse a establecelo nunha instrución posterior, para o que está a manter reunións coas xerencias e as vicerreitorías con competencias orzamentarias.

Por outra banda, estanse a valorar entre as universidades, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e a Secretaría Xeral de Universidades diferentes solucións para evitar o problema de tesourería que pode supor ás universidades o transvase de fondos do estrutural fixo ao fondo por resultados, ante o atraso de definición dos criterios de repartición deste último.



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa da RPT de PDI a 31 de decembro de 2012, que figura como **anexo III**, de conformidade coa corrección de erros que foi circulada ao comezo da sesión entre os membros do Consello de Goberno. Así mesmo, informa da praza de procedemento de urxencia de profesor asociado a tempo parcial PO3 de Ciencias da Saúde, que figura como **anexo IV**. Sinala que a autorización tardou un mes

A vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social dá conta da celebración do Día Internacional da Muller o día 8 de marzo. Desde a Oficina de Igualdade de Xénero estanse a organizar distintas actividades para homenaxear e visibilizar a todas aquelas mulleres que traballaron e traballan nos distintos campos científicos, artísticos e da política. O recentemente creado Cexef empezará a súa actividade coa impartición do curso Historia da Teoría Feminista. Na Unidade de ADI continúa a ampliarse o banco de recursos de material adaptado para persoas con diversidade funcional. Recentemente foi adquirida unha plataforma elevadora móbil para cadeiras de rodas.

O secretario xeral dá conta dos principais aspectos da convocatoria de procesos electorais por Resolución reitoral do 21 de febreiro, para elixir os órganos unipersoais en facultades, centros e departamentos.

O xerente informa, na súa quenda, sobre o estado das negociacións para determinar a rebaixa do 5% da masa salarial, en execución do artigo 37 da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, publicada hoxe mesmo no DOG.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 31 de xaneiro**

Tras a lectura da acta do pasado Consello de Goberno do 31 de xaneiro, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade,

a acta apróbbase por asentimento.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que



figuran no **anexo V**, que se clasifican nesta ocasión en seis convenios marco (6), vinte e oito convenios específicos (28), e sesenta e oito convenios para prácticas (68) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

O secretario xeral destaca que desde o último Consello de Goberno, 31 de xaneiro, se xestionaron 102 convenios, o que dá unha media de tramitación de 5 convenios diarios.

A listaxe apróbase por asentimento.

#### **4. Normativa de funcionamento das hortas urbanas da UDC 2013**

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas expón as finalidades deste proxecto de hortas urbanas. Trátase de poñer a disposición dos membros da comunidade universitaria 25 parcelas nos terreos do campus de Elviña para facer agricultura ecolóxica, cun alto potencial educativo e formativo. A ocupación das parcelas sairá a convocatoria en concorrencia competitiva.

Luis Castedo considera que este proxecto dá unha imaxe frívola da UDC, diante das moitas dificultades económicas que atravesamos.

O reitor lamenta a falta de rigor e visión que significa sinalar isto como frívolo, dado que entre as finalidades da institución non só está a mecanización do coñecemento, senón tamén a promoción de moitos outros valores sociais, como o da sustentabilidade ambiental e a calidade de vida, cuxa defensa non se pode esquecer por moita crise que haxa.

Ana Iglesias intervén para considerar que se trata dunha iniciativa innovadora, impulsada por moitos concellos, e síntoma da modernidade e responsabilidade social da nosa institución.

Tras o anterior debate, apróbase a Normativa de funcionamento das hortas urbanas da UDC que figura como **anexo VI**.

#### **5. Documento 0 do Plan estratéxico 2013-2020**

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas di que o equipo de goberno considerou necesario abrir xa o proceso de elaboración dun novo plan estratéxico para os vindeiros seis anos. O documento achegado expón a metodoloxía e os órganos de elaboración do Plan estratéxico. Tras



o resumo do seu contido por parte da vicerreitora, ábrese unha quenda de intervencións.

Rosa Meijide bota en falta a presenza do vicerreitor de Investigación e Transferencia na fase inicial (Comisión Estratéxica). Solicita aclaracións sobre o contido da terceira fase.

José Venegas considera que o Plan estratéxico é un documento fundamental. Este documento é un documento metodolóxico, que avalía positivamente.

A profesora Amalia Blanco considera que todos esperabamos que estivese o vicerreitor de Investigación e Transferencia (risas), mais o certo é que a Comisión Estratéxica non vai avaliar a situación da investigación, pois iso farase na fase dúas, en que si participará a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Anxo Calvo destaca a importancia e utilidade deste documento, mais solicita, para que teña éxito, a implicación do equipo de goberno e dos restantes órganos de goberno (Consello de Goberno, Consello Social, centros, departamentos etc.). Que non se tome como algo formal. Tamén reclama que se vinculen os grandes obxectivos ao orzamento, para que sexa unha planificación efectiva.

Tras as anteriores intervencións, o punto apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo VII**

## **6. Regulamento para a creación e xestión das cátedras e aulas institucionais da Universidade da Coruña**

O vicerreitor de Investigación e Transferencia (VIT) destaca que se trata dunha proposta con que mellorar a nosa relación coas empresas e a captación de recursos recorrentes para actividades docentes e investigadoras. Estes instrumentos van axudar a mellorar a interlocución co tecido empresarial máis dinámico do noso contorno, canalizando as iniciativas de maneira conxunta e mellorando o labor de prospección da empresa na oferta de transferencia da UDC, e viceversa, así como a divulgación dos resultados de colaboración, e da formación en ámbitos de interese común.

A elaboración correspondeulle á VIT, en colaboración coa Secretaría Xeral, co Consello Social, así como coas empresas con que xa temos colaboracións neste sentido.



O vicerreitor solicita incorporar dúas correccións ao texto. Unha no artigo 7.6, *in fine*:

Onde di “*sen que o importe total destes gastos poida ser inferior ao 7% nin superior ao 15% da dotación económica da Aula ou Cátedra*”.

Debe dicir: “*sen que o importe total destes gastos poida ser inferior ao 7% da dotación económica da Aula ou Cátedra*”.

E outra no artigo 9.1.d):

Onde di “*Dous representantes da empresa ou institución, segundo o caso, para manter a paridade*”.

Debe dicir “*Dous ou tres representantes da empresa ou institución, segundo o caso, para manter a paridade*”.

Nona Inés Vilariño intervén para achegar algunhas ideas. O asunto interésalle moito, como representante do Consello Social, para superar o tradicional illamento entre universidade e empresa. As suxestións son:

Punto 5.º do artigo 1. Garantía de achegar  
Artigo 3.a) 7 “e das administracións públicas”  
Art. 8.1. Interpretación ampla  
Art. 14.1. Poderá ter, no canto de terá

José Venegas pide que se dea publicidade a este marco, para que lle chegue ás empresas.

Anxo Calvo valora moi positivamente o regulamento de cátedras e aulas institucionais, pola súa importancia para superar a fenda entre empresa e universidade, e por mellorar a seguridade desta ferramenta.

O vicerreitor acepta a suxestión verbo do artigo 3.a) 7 e artigo 14.1. No que respecta ao artigo 8.1, considérase que é innecesaria a modificación, dado que a actual redacción xa permite interpretar que os “representantes” non teñen que ter, necesariamente, un vínculo formal coa Universidade ou coa institución contraparte.

O vicerreitor insiste en que xa hai moita relación universidade-empresa, pero que é posible mellorar a visión das posibilidades de colaboración entrambas partes, achegando unha perspectiva máis global, guiada non



tanto polas relacións onerosas, senón pola colaboración non lucrativa. Esa é a finalidade última destas ferramentas das cátedras e as aulas.

M.<sup>a</sup> Carmen Barreiro pregunta quen se vai ocupar da xestión administrativa das cátedras. O vicerreitor considera que haberá que responder en cada caso concreto, pois hai unha marxe de flexibilidade neste aspecto.

Coas anteriores modificacións, a proposta apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo VIII**

### **7. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón a motivación de creación de dúas prazas de profesorado colaborador para a **Área de Enfermaría** (área funcional de Terapia Ocupacional). Unha por amortización dunha praza de profesor/a contratado/a interino/a de substitución a TC, e outra por amortización de 1 praza de asociado/a T1 P06.

Se se aproban, haberá que pedir autorización á Xunta por vía de urxencia.

Pedro Gil Manso intervén para reiterar a súa opinión, xa manifestada na mesa sindical, no sentido de pedir máis prazas para cubrir o incremento de docencia do novo plan. O vicerreitor lamenta non poder facer máis ofertas de prazas nas actuais circunstancias, e engade tamén que as prazas de colaboradores son prazas excepcionais, cun prazo taxado de cobertura (maio de 2013).

Francisco Alonso Tajés solicita que no futuro se aposte por consolidar o profesorado nas distintas categorías de profesorado adscrito ás áreas de ciencias da saúde, que teñen unha problemática específica.

Tras o anterior debate, apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo IX**.

### **8. Proposta de procedemento para a elaboración do Plan de organización docente 2013/2014**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón as principais novidades do procedemento de elaboración, que proporcionan unha serie de criterios para confeccionar os POD no actual contexto normativo e orzamentario: teito de gasto, trámites autorizatorios perante a Xunta,





reforma do Real decreto-lei 14/2012. A proposta foi informada favorablemente pola COAP e a mesa sindical.

Sinala unha corrección de erros páxina 7 e 8. En ambos os casos debe referirse a 50 créditos, e non 30. Así mesmo, o ano académico debe ir do 1 de setembro ao 31 de agosto.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Pedro Nogueira agradece o esforzo de clareza que achega o documento, sobre todo a cuantificación das horas de participación nos tribunais de TFG. Hai centros en que hai máis de 100 TFG.

Xurxo Dopico agradece tamén o grao de detalle do documento. Fai mención ás disposicións xerais da confección do POD polos consellos de departamentos, facendo unha pregunta sobre os criterios para compartir docencia (grupos ou materia?). Considera que debería controlarse a redución de carga horaria por facer docencia en galego, porque ás veces non se cumpre axeitadamente.

Horacio Naveira intervén para sinalar a errata sobre os 50 créditos, xa comentada polo vicerreitor.

Anxo Calvo considera que é un documento moi traballado. Coñece todas as alternativas que barallou o vicerreitor, sobre todo no tema da programación académica dos TFG. Pese a todo, seguimos tendo o problema, polos calendarios académicos e a xestión da matrícula. Considera que a proposta do vicerreitor segue sendo provisoria, e deberíamos seguir traballando nunha proposta definitiva, máis robusta.

Teresa López, ao fío do comentado por Anxo Calvo, tamén en relación cos TFG e TFM, achega outra reflexión sobre o carácter non definitivo da confección da PDA. Fai a suxestión de darlle aos centros unha maior flexibilidade de adscribir a docencia a áreas para elaborar a PDA.

Miguel Muñoz Cantero opina que os prazos de matrícula están ben, pero considera que hai que mellorar o recoñecemento da carga dos tribunais de TFG ou TFM, sobre todo no caso do mestrado de secundaria.

O vicerreitor contesta conxuntamente as anteriores intervencións, tras o cal se aproba por asentimento do Consello de Goberno, segundo figura no **anexo X**.



### **9. Proposta RPT de PDI 2012 (sen contido)**

De conformidade coas actuacións precedentes do Consello de Goberno nesta materia, a proposta de RPT de PDI 2012 só foi obxecto de informe ao Consello de Goberno no punto primeiro, retirándose dos puntos de acordo mediante corrección de erros da convocatoria.

### **10. Proposta de autorización de licenzas**

Propónse a concesión de licenza á profesora Patricia Faraldo Cabana, da Área de Dereito Penal, para unha estada de investigación entre o 1 de agosto de 2013 e o 31 de agosto de 2014, financiada polo programa Marie Curie no Instituto Max Planck de Dereito Penal Internacional e Comparado de Friburgo (Alemaña), para unha investigación sobre “*Monetized justice. The new meaning of penal fines in consumer societies*”, con solicitude de contratación para cubrir a docencia durante o período de licenza.

Ten informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento, como **anexo XI** da presente acta.

### **11. Proposta de resolución do recurso de reposición á denegación de venia docendi**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente propón a desestimación do recurso de reposición presentado contra a resolución reitoral do 10 de xaneiro de 2013, pola que, en execución dun acordo do Consello de Goberno, se lle denega á interesada a venia docente para impartir docencia na materia de “Introdución ao Dereito” na Escola Universitaria de Turismo.

Apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo XII**

### **12. Resolución do segundo incidente de recusación do reitor por D. José Ramón Méndez Salgueiro**

Auséntase o reitor antes de tratar o punto.

Toma a palabra o secretario xeral para explicar que o profesor Méndez Salgueiro presentou unha nova recusación con data 18 de decembro de 2012, fundada nun motivo distinto da recusación resolta por acordo do Consello de Goberno de 20 de decembro de 2012 (letra d) art. 28 LPAC, ter intervido como testemuña no procedemento do que se trate).



O profesor Luis Castedo requiriu o escrito de recusación presentado polo profesor Méndez Salgueiro.

Propónse a desestimación da recusación e sométese a votación secreta, co seguinte resultado:

27 votos a favor de desestimar a recusación

5 votos en contra de desestimar a recusación

2 votos en branco

Apróbase, en consecuencia, desestimar a recusación do reitor, segundo figura no **anexo XIII**.

### **13. Aprobación da RPT de PAS**

O xerente expón que tras os acordos acadados coa Xunta de Persoal e Comité de Empresa do PAS os días 11 e 15 de xaneiro pasado, rematou o proceso de negociación colectiva da nova RPT do Persoal de Administración e Servizos da UDC e remitiuse a proposta á autorización da Consellaría de Facenda, de acordo co previsto no Plan de financiamento do SUG 2011-2015 (apartado sexto), para a súa posterior aprobación definitiva polo Consello Social da UDC.

O expediente consta con todos os acordos, memorias, documentos e informes internos preceptivos.

Tamén informa o xerente sobre os erros materiais detectados na RPT, que foron circulados previamente ao comezo da sesión, e que se incorporan á acta desta sesión como **anexo XIV**.

Finalmente, verbo dos informes externos preceptivos, o xerente informa que hoxe mesmo, durante a realización deste Consello de Goberno, chegou o informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos, datado o 25 de febreiro, nos seguintes termos: *“informe favorable, por non supoñer variación da masa salarial e non afectar ao obxectivo de equilibrio orzamentario”*, engadindo a continuación que *“non obstante, este centro directivo non é competente para avaliar xuridicamente nin para autorizar procesos de funcionarización de persoal laboral, polo que ten formulado sendas consultas á Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia e á Dirección Xeral de Costes de Personal do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para coñecer a quen compete tal informe e a súa opinión sobre o fondo do asunto”*.



Rosa Meijide intervén como directora do departamento de Medicina, para solicitar aclaración sobre de quen dependen funcionalmente os PAS adscritos aos departamentos.

Luis Castedo quéixase do tardío envío en prazo do correo electrónico en que chegou a documentación do punto. Fai unha valoración positiva da funcionarización, pero fai unha valoración negativa da presunta eficacia que vaia ter a reasignación de postos de traballo dos secretarios de consello de departamento. Tamén lle preocupa a xestión da investigación, que considera non vai mellorar con esta reforma. Finalmente, considera que é insuficiente a dotación dada á Facultade de Informática. Por todo isto, non vai apoiar a reforma da RPT.

Nuria Vieira Sousa, presidenta da Xunta de Persoal do PAS funcionario, considera que se trata dunha RPT que vai posibilitar avanzar nos obxectivos estratéxicos da UDC, e fai unha mellor distribución dos efectivos en materia de calidade e investigación. As unidades administrativas que se crean son razoables, e van encamiñadas a satisfacer demandas do propio PDI. Ademais, conseguiuase manter o número de efectivos, así como a reclasificación de prazas sen aumento de custo, respectando os constrinximentos orzamentarios. Ora ben, solicita que o equipo de goberno estableza canto antes os mecanismos de redistribución, se localicen fisicamente canto antes os postos de traballo, se aclaren as funcións concretas de cada posto, e se resolvan os problemas de representación do PAS nas xuntas de centro e facultade. Pregunta como quedaría a funcionarización se non se informase favorablemente por algún dos centros directivos citados pola Dirección Xeral de Orzamentos.

Nona Inés Vilariño considera que a reforma da RPT é complexa, e pregunta sobre os informes xurídicos, porque coñece sentenzas contrarias a procesos de funcionarización. Neste sentido, fai unha última consideración negativa sobre a proba de test con catro alternativas en que non se descontan as contestacións erróneas, prevista para os procesos de funcionarización. Anuncia a súa abstención á RPT por non ter unha opinión fundamentada sobre esta.

O xerente replica conxuntamente a todas as anteriores cuestións.

O reitor intervén para subliñar a importancia do acordo acadado cos traballadores, un exemplo de boas prácticas no ámbito da Administración pública, que vai na senda correcta, de mellora da prestación do noso servizo público nun contexto tan difícil. Tamén subliña a importancia de



defender a autonomía universitaria para cumprir a propia misión da universidade que determina a Constitución vixente, sen prexuízo de sermos escrupulosos co cumprimento das normas de rango superior.

Sométese o punto a votación.

Votos a favor da aprobación da RPT: 26

Votos en contra: 4

Abstencións: 3.

En consecuencia, apróbase a RPT, segundo figura no **anexo XV**, coas correccións antes mencionadas e con todos os informes e documentación achegados polo Sr. Xerente aos membros do Consello de Goberno.

#### **14. Aprobación, se proceder, da modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias da Comunicación**

O secretario xeral expón as principais novidades introducidas por pedimento do centro, que contan co informe favorable da Asesoría Xurídica: antelación mínima da convocatoria (corenta e oito horas); notificación das convocatorias; na Comisión de Infraestruturas, Servizos e Actividades, introdúcese unha última función, de organización de actividades non docentes no centro.

Apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo XVI**.

#### **15. Quenda aberta de intervencións**

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes.

Pedro Nogueira intervéñ para agradecer a corrección de erros nas directrices e modelo de regulamento de TGF. Pero solicita un esforzo máis, agora verbo dos convenios de mobilidade internacionais e o recoñecemento de créditos e traballos de fin de grao. Convén aclarar este asunto.

Ana Iglesias pregunta sobre o TFG e o dereito de solicitar avaliación por compensación. En segundo lugar, pregunta sobre as unidades de apoio á investigación: onde van estar? De que van depender? Como se van relacionar coas administracións dos centros?

Luis Castedo pregunta sobre o calendario de votacións de órganos unipersoais. Solicita explicacións polo espazo que hai entre a campaña e a votación. Pregunta sobre as obras no campus de Elviña, e sobre a vixencia



da resolución reitoral da contratación de persoal de capítulo VI. Devolución das retencións de IRPF que se fixeron o ano pasado nas contratacións de Capítulo VI por mor da baixa da paga extra de decembro.

Ana Barxa pregunta sobre os datos de aplicación relativos ao Decreto 222/2011, en concreto os requisitos de matriculación para impartirse as titulacións, en especial dobre grao de turismo e empresariais. Pide que se faga unha reflexión sobre o voto electrónico.

Responden os vicerreitores de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías; Planificación Económica e Infraestruturas; Investigación e Transferencia, Xerencia e secretario xeral.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 12:55 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito